

Chus Lago presenta a edición máis innovadora do Camiño a Camiño

Os participantes visitarán as Covas do Rei Centolo, O Foxo do Lobo na Serra do Suído e a Ruta completa da Auga, entre outras

Vigo, 18 de febreiro de 2011. – O vindeiro 27 de febreiro, a Concellería de Medio Ambiente que dirixe Chus Lago inicia a séptima edición do Camiño a Camiño, programa de educación ambiental que se consolida ao cuarto ano da súa posta en marcha.

Un total de **19 actividades de educación ambiental**, das que 13 son de nova incorporación, compoñen esta nova edición do programa con maior éxito de participación da Concellería, que ofrece prazas para **máis de 4.000 persoas**.

Desta volta, Medio Ambiente planifica saídas específicas para nenos e nenas, en colaboración con VigoZoo, ademais de retomar as exitosas rutas nocturnas ou as visitas ás Illas Cíes, entre outras.

Novidades para toda a familia:

-Ruta completa da Auga: en anteriores edicións os participantes poideron percorrer o tramo inicial da senda da auga, en combinación coa ruta ao Monte Vixiador, pero por primeira vez a Concellería inclúe no seu programa a ruta completa dende as instalacións de Aqualia na rúa Cantabria ata o encoro de Eiras. Máis de 40 km configuran esta ruta que nace no Concello de Vigo e atravesa os de Redondela, Pazos de Borbén e Soutomaior, para finalizar no propio encoro en Fornelos de Montes.

-Ruta dunha xornada completa polo Morrazo: nesta actividade os participantes coñecerán a zona costeira do Concello de Cangas do Morrazo, e poderán obter tamén unha visión diferente do municipio de Vigo dende o outro lado da ría. Esta senda de aproximadamente 20 km (ida e volta) atravesa algunhas das praias máis significativas do Morrazo: Areamilla, Santa Marta, Liméns e Nerga, permitindo coñecer a riqueza biolóxica desta zona intermareal. A visita inclúe a viaxe en barco de ida e volta e dado que ocupará practicamente toda a xornada, é preciso incluír unha parada para xantar na zona establecida pola organización.

-Ruta ao Foxo do Lobo na Serra do Suído: a senda versa sobre a conservación e perigo de extinción do lobo gris na península ibérica. Esta actividade de educación ambiental, conxunta entre *Vigozoo e o departamento de Medio Ambiente*, aportará aos participantes unha visión diferente do lobo, informando sobre a estimación de manadas actuais ou dos diferentes grados de protección nas Comunidades Autónomas (en Galicia aínda está permitida a súa caza). Para os máis pequenos, o departamento de educación de Vigozoo ten preparados os contos de "Carapuchiña vermella" e os "tres porquiños" contados dende a visión do outro protagonista do conto: o lobo.

-Visita á Cova do Rei Centolo: a Concellería introduce por primeira vez unha actividade que permitirá aos visitantes coñecer a importancia da cova máis grande de Galicia (con máis de 7500 m de lonxitude), cunha riqueza xeolóxica e biolóxica moi importante, ademáis das propias lendas que enriquecen a visita. Nesta ocasión de novo traballarán conxuntamente os departamentos de *Educación de Vigozoo e o de Medio Ambiente da Concellería*, pois a recente apertura do Nocturama nestas instalacións é unha oportunidade magnífica para coñecer o hábitat natural dalgúns dos habitantes destas covas, como son os morcegos.

-Visitas ás Illas Cíes: en colaboración co Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, os participantes poderán visitar de novo as Illas, sendo unha das actividades máis demandadas polos vigueses. Nesta ocasión a Concellería inclúe unha novidade destacable, pois ademáis de facer as rutas "clásicas" polo interior da Illa, levarase a cabo outra ruta marítima interpretativa con Kaiaks, que sen dúbida aportará a todos unha visión do Parque totalmente diferente á que tiñan ata agora.

Novidades para nenos:

-**“Pequeruta” polo río Lagares:** dentro da oferta de actividades que a Concellería ten organizada para os máis pequenos, atópase esta ruta adaptada para os nenos, onde poderán percorrer unha senda moi doada para eles, á vez que aprenden dun xeito lúdico sobre os ecosistemas dos humedáis, a marisma, o río e a foz da desembocadura.

-**Actividade de repoboación forestal:** o pasado 2 de febreiro a ONU declarou ao 2011 como Ano Internacional dos Bosques, destacando que representan o 30% do territorio e acollen ao 80% da biodiversidade do planeta. Por estes motivos a Concellería inclúe esta actividade de educación ambiental enfocada para os nenos, onde coñecerán a importancia do mantemento destes ecosistemas, e ademáis terán a oportunidade de participar nun programa de repoboación dentro do municipio.

-**“Multitarea na praia de O Vao”:** este ambicioso programa abordará varios obxectivos relacionados coa información sobre o ecosistema costeiro. Os rapaces poderán facer unha ruta marítima en Kaiak e Vela Lixeira, medios de desprazamento non contaminantes para o noso entorno; ademáis participarán en varios obradoiros de educación ambiental con motivo de coñecer a biodiversidade na zona intermareal e mariña; por último todos os rapaces observarán directamente varias especies naturais da ría de Vigo, “apadroando” e “amadriñando” especies e participando na súa liberación final na praia.

Outras actividades:

-**Rutas nocturnas:** nesta ocasión inclúense no programa as rutas nocturnas do río Lagares e da Lagoa Mol-Madroa, ambas con importantes contidos astronómicos sobre o ceo, constelacións e estrelas observables dende o municipio.

-**Ruta ao Monte Aloia:** xunto co sendeiro polo Morrazo, conforman a oferta de xornadas completas neste programa, contemplando una parada en ruta para a comida, ademáis de algo de tempo para o esparcemento e descanso. A senda partirá dende o municipio de Vigo no Polígono da Pasaxe e finalizará no cumio do monte Aloia, atravesando a Serra do Galiñeiro, emblema paisaxístico e natural que destaca no perfil do Concello.

Equipo técnico:

Como sempre, os vigueses contarán coa supervisión e control dun equipo técnico formado por profesionais con moita experiencia no programa: técnicos do departamento de Medio Ambiente, guías do Parque Nacional, biólogos/as, ocnógrafos/as, socorristas, voluntarios de Protección Civil, chóferes de VITRASA, fotógrafos, tripulacións dos barcos de pasaxe, e persoal de avituallamento.

Todos os participantes que desexen asistir ás actividades deberán formalizar a inscrición telefónicamente no servizo de atención ao cidadán 010, dende o luns anterior a cada xornada. Dadas os diferentes tipos de rutas e xornadas, os interesados poderán informarse sobre os horarios de saída e chegada, ademáis dos requisitos para cada actividade na páxina web do Concello de Vigo, no apartado de CAMIÑO A CAMIÑO, ou a través do Servizo de Atención Telefónica ao Cidadán: 010

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

Sábado 26 de febreiro	Domingo 27 de febreiro Ruta da Agua: Etapa 1 Participantes: 300
Sábado 5 de marzo	Domingo 6 de marzo Ruta da Agua: Etapa 2 Participantes: 300
Sábado 12 de marzo Actividade para nenos: Pequeruta polo río Lagares Participantes: 150	Domingo 13 de marzo Ruta da Agua: Etapa 3 Participantes: 300
Sábado 19 de marzo	Domingo 20 de marzo Ruta pola "Serra do Suido-Foxo do lobo" Participantes: 300
Sábado 26 de marzo Actividade para nenos: Repoboación forestal Participantes: 150 -Ruta nocturna Lagoa Mol-Madroa Participantes: 300	Domingo 27 de marzo Visita ás Covas do Rei Centolo: 1 Participantes: 30

Sábado 2 de abril	Domingo 3 de abril
	-Visita ás Covas do Rei Centolo: 2 Participantes 30 -Ruta de xornada completa ao Monte Aloia Participantes: 400
Sábado 9 de abril	Domingo 10 de abril
	-Visita ás Covas do Rei Centolo: 3 Participantes: 30 -Ruta de xornada completa ao Morrazo Participantes: 400
Sábado 16 de abril	Domingo 17 de abril
-Ruta nocturna polo río Lagares Participantes: 300	-Visita ás Covas do Rei Centolo: 4 Participantes: 30
Sábado 30 de abril	Domingo 1 de maio
	-Visita de unha xornada a Cíes: 1 Rutas terrestres e marítimas Participación: 200
Sábado 7 de maio	Domingo 8 de maio
-Actividade para nenos: Multitarea na praia de O Vao: 1 Participación: 300	-Visita de unha xornada a Cíes: 2 Rutas terrestres e marítimas Participación: 200
Sábado 14 de maio	Domingo 15 de maio
-Actividade para nenos: Multitarea na praia de O Vao: 2 Participación: 300	-Visita de unha xornada a Cíes: 3 Rutas terrestres e marítimas Participación: 200